Deputados do G.P. da AGE
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 13:09
Nº Rexistro: 41309
Data envio: 15/09/2015 13:09:18.334

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/09/2015 13:08:37**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/09/2015 13:08:45**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/09/2015 13:08:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 09:30
Nº Rexistro: 41348
31:52.676



# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández,** ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** en relación co computo de alumnado que repite curso nos centros de ensino público de Galicia para o establecemento das rateos nos centros de ensino público de Galicia.

Durante o desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe e a través da información recollida mediante a avaliación continua, faise un seguimento da evolución do alumnado, do seu progreso académico e persoal e tamén do cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe previstos para cada curso e nivel educativo.

Este seguimento continuo que realiza o profesorado mediante o emprego de diversas ferramentas de avaliación que van dende a observación diaria, a aplicación de probas, a entrevista coas familias etc...posibilita o deseño e concreción dos mecanismos de apoio e atención á diversidade necesarios e das modificacións curriculares precisas para garantir o mellor progreso educativo posible para cada alumno e alumna. Desenvólvense deste xeito os coñecidos programas de apoio e reforzo educativo, as medidas de atención a diversidade e se toman as correspondentes decisións sobre a promoción do alumnado.

A repetición de curso, é outra das medidas de reforzo, de carácter extraordinario, concibida como unha forma de garantir a axeitada consecución dos obxectivos definidos para un determinado curso ou nivel educativo. Unha medida polo tanto excepcional que debe ir acompañada de outras medidas de carácter educativo que teñan en conta non só aspectos académicos, senón tamén afectivos, sociais, psicolóxicos etc...

Existe un fondo debate na comunidade educativa e na ciencia pedagóxica, sobre a efectividade da repetición de curso na mellora do rendemento académico, e son numerosos os casos de alumnado repetidor que non mellora o seu progreso académico nin persoal, mais non é o obxecto desta iniciativa afondar na conveniencia desta medida, senón resolver unha incidencia que provoca serios desaxustes no funcionamento e na calidade do Sistema Educativo galego.

A ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da LOMCE, establece que a *"A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do/da alumno/a".*

A propia LOMCE establece no seu apartado 12 , que se prescribirá un plan específico de reforzo ou recuperación para aquel alumnado que teña que repetir un curso, entendendo claramente que a repetición por si soa, non garante un mellor aproveitamento académico dos escolares. Resulta pois evidente que dende a óptica da propia normativa, un neno ou unha nena que repite curso, precisa dun seguimento e dunha intervención educativa axeitada para garantir que esta medida incorpore mais beneficios que inconvenientes.

Mais ignorando estas evidencias, o Goberno Galego impulsa e permite unha medida tan inxusta e prexudicial como antipedagóxica e marxinadora, baseada e non computar ó alumnado repetidor a hora de establecer as rateos máximos por aula non centros de ensino.

As equipas directivas e as familias galegas, denuncia acotío as instrucións e ordes emitidas pola Consellería de Educación obrigando a non computar a todos aqueles alumnos e alumnas que repiten cursos académico cando se configuran as listaxes de alumnos asignados a cada aula. De feito, a ORDEN de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento dos centros de educación infantil, dos centros de educación primaria e dos centros de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 09:30
Nº Rexistro: 41348
Data envio: 15/09/2015 18:31:52.676

no punto 12, que o número máximo de alumnos por aula será de trinta, sen prexuízo de que este número poda ser maior como consecuencia da repetición de curso.

Deste xeito o Goberno galego, non so deixa de incorporar novos medios e recursos materiais e humanos para o establecemento de medidas de apoio para o alumnado repetidor, senón que chega ao extremo de facelos desaparecer do computo de alumnos e alumnas por aula, incrementando as rateos e dificultando en consecuencia a posibilidade de darlles unha atención axeitada.

A porcentaxe de alumnado repetidor sitúase en Galicia segundo os datos oficiais aportados polo MEC nun 4,3% en Educación Primaria e nun 12,5% en Educación Secundaria, polo que son milleiros os alumnos e alumnas que non contan para o Goberno Galego e que polo tanto non existen á hora de establecer programas ou dotar de medios e recursos educativos aos centro de ensino. Este feito provoca ademais que se impidan desdobres ou se realicen agrupamentos que superan amplamente as rateos necesarias para levar adiante un ensino de calidade.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a establecer as medidas necesarias e os cambios normativos precisos para permitir que o alumnado que teña repetido curso compute a tódolos efectos especialmente á hora de establecer as rateos máximas por aula e dotar dos recursos materiais e medios humanos necesarios para atender a diversidade de intereses, ritmos, motivacións e capacidades presentes nas aulas galegas.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/09/2015 18:30:49**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/09/2015 18:30:58**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/09/2015 18:31:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 10:16
Nº Rexistro: 41355
Data envío: 16/09/2015 10:16:41.514

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a preservación e conservación da obra de Urbano Lugrís.

Urbano Lugrís foi un pintor case autodidacta, poeta, ilustrador e muralista. A súa obra pictórica reflicte un mundo onírico e idealizado onde os temas relativos ao mar teñen un claro protagonista. As pegadas da súa obra están presentes en todo o litoral galego, desde Ferrol até Baiona. Porén será na cidade da Coruña, onde naceu, así como en Vigo –onde morreu case na indixencia en 1973- onde exista unha presenza importante da súa obra.

Trátase dun pintor galego relevante do século XX, mais moitas das súas obras non están nin protexidas, nin nunhas condicións que permitan ser visitadas con normalidade. Un caso paradigmático é o seu coñecido mural que se atopa nun baixo da rúa Real da Coruña. Este baixo, que até xullo albergaba a  cafetería denominada Vecchio. O BNG xa denunciaba no seu momento que este mural tiña un "futuro incerto" por tratarse dun ben que non está catalogado nin protexido. O local no que se sitúa este mural é propiedade do Banco Etxcheverría que ten nas súas mans o destino e futuro desta obra do pintor galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 10:16
Nº Rexistro: 41355
Data envío: 16/09/2015 10:16:41.514

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG súmase ás voces que reclaman unha protección para este ben, que non é o único que Lugrís pintou na Coruña e noutros puntos da xeografía galega. Lembramos qu, este tema foi abordado na cámara galega durante a pasada lexislatura chegando a un acordo unánime o pasado 16 de outubro de 2009. O Parlamento reclamou -a aquela altura- que a Xunta inventariara as pinturas de Urbano Lugrís, facendo especial fincapé na obra dispersa en edificios públicos e privados; que se levara a cabo un estudo do estado da obra no café Vecchio, no antigo restaurante Fornos na Coruña, na Casa do Mar de Malpica e na Escola Igrexa de Vilaboa, procedendo á limpeza e á restauración que precisen estas obras.

Resulta obvio o incumprimento deste acordo e o desleixo da Xunta ante a situación do noso patrimonio cultural. Causa alarma que se informe de que existe un informe favorábel a declaración deste mural como BIC, paralizado pola Xunta de Galiza. Unha vergoña que pon de manifesto a falta de sensibilidade coa cultura que practica a Xunta de Galiza. Urxe modificar esta inercia e que a Xunta de Galiza actúe coa finalidade de garantir que a obra de Urbano Lugrís perdure, se conserve en condicións dignas e sexa coñecida e divulgada a súa obra.

Polo dito o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1.- Incoar de inmediato expediente para que o mural de urbano lugrís situado nun baixo comercial da rúa Real da Coruña sexa declarado BIC.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Catalogar todas as pinturas que ten Urbano Lugrís, atendendo específica e urxentemente, ás obras que se atopan dispersas en edificios públicos e privados.

3.- Levar adiante as actuacións que se sexan necesarias para garantir a conservación e restauración da obra de Urbano Lugrís."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/09/2015 10:15:04**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/09/2015 10:15:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 11:47
Nº Rexistro: 41369
Data envío: 16/09/2015 11:47:06.370





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nos últimos días o xa castigado sector do cerco de Galicia que fai xestión conxunta das posibilidades de pesca, vén de enfrontar unha serie de novas que non auguran nada bo para eles.

Ao peche das pesquerías do bocarte nas zonas XIa e VIIIc vén de unirse agora o peche cautelar da pesquería do xurelo na zona VIIIa.

O Executivo estatal pechou a pesquería desta especie o pasado 2 de xullo despois de que os barcos consumisen, sempre segundo a Secretaria Xeral do Magrama, as 1.430 toneladas das que dispoñían para este ano e reabriu posteriormente o caladoiro (o 16 de xullo) tras ampliar a cota cunha parte do cota de xurelo para 2016 que o Goberno non precisou.

O sector contaba desde esa data cun tope máximo de capturas de 1.000 quilos diarios por barco día, así como un límite de catro desembarques semanais que incluísen esta especie.

A día de hoxe preto de 120 embarcacións galegas non saben cal vai ser o seu futuro inmediato.

Por todo isto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno central para:

- Reclamar a reapertura da pesquería do xurelo na zona VIIIc utilizando todas as medidas que legalmente ten establecidas (flexibilidade, intercambios, etc).

- Reclamar os cumprimentos dos acordos en canto á pesca de bocarte na zona XI A.

- Solicitar un novo modelo de reparto baseado en criterios socioeconómicos para os próximos anos.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2015

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Val Alonso na data 16/09/2015 11:38:40**

**José Manuel Gallego Lomba na data 16/09/2015 11:38:57**

**Noela Blanco Rodriguez na data 16/09/2015 11:39:09**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 16/09/2015 11:39:55**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 12:29
Nº Rexistro: 41374
Data envío: 16/09/2015 12:29:01.151

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición Non De Lei** para o seu tratamento en **Pleno**:

Nos debates do Cúmio de Davos alertouse sobre a chamada "superación dos límites planetarios" concluíndo que os custes da inacción ante os desafíos ambientais e do cambio climático son máis elevados que os custos de previr os mesmos. Como resultado, algunhas empresas e países así o asumiron, apostando por un enfoque máis intelixente entre economía e ecoloxía.

Porén, España vai contra corrente das conclusión de Davos e, dende o inicio da actual lexislatura, acorde cun enfoque economicista e cortopracista, modificáronse, con urxencia e sen consenso, numerosas leis de contido ambiental: a de costas, a de augas, a de avaliación ambiental, a de responsabilidade ambiental, a de parques nacionais...

A última foi a reforma da Lei de montes que seguiu afondando na desregulación ambiental insistindo nesta visión economicista apostando, novamente, polos intereses privados fronte aos públicos dando vía libre ás comunidades autónomas para permitir a construción en zonas forestais incendiadas, permitindo a desregulación dos aproveitamentos forestais, eliminando a necesidade de planificar os aproveitamentos sostibles nos montes privados e públicos non catalogados, reducindo o control sobre a xestión, ou quitando competencias aos axentes forestais e ambientais cando a escaseza de vixilancia e control dos montes é outra das eivas que arrastra a loita contra o lume e a protección dos espazos forestais..

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 12:29
Nº Rexistro: 41374
Data envío: 16/09/2015 12:29:01.151

Aos problemas estruturais que ven sufrindo Galiza soportando vagas de incendios cada verán, sobre todo se a climatoloxía é propicia, súmase, agora, a política aplicada dende o goberno estatal.

A nova lei inclúe unha excepción á prohibición xeral de cambio de uso durante 30 anos dos solos forestais obxecto de incendio que poderán acordar o cambio de uso cando se dean razóns "imperiosas de interese público de primeira orde". Tal redacción, aberta a interpretación, xera inseguridade xurídica, e posibilita a recualificación do monte para desenvolvementos urbanísticos en terreos incendiados como xa ocorreu noutras autonomías que aduciron tal interese como por exemplo o Parque Temático Terra Mítica (Alacante), urbanización das ladeiras do monte Abantos (Serra de Guadarrama), estacións de esquí, etc.. Pero a razón imperiosa de interese público debe ser declarada polas Comunidades Autónomas.

Por estas razóns, ante o escenario que se albisca, o deterioro ambiental, e os grandes recursos que consume a loita contra o lume, crese necesario presentar a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir o cambio de uso forestal dun monte queimado nos 30 anos posteriores ao lume, non podendo ser aducida causa algunha para a súa recualificación."

Pazo do Parlamento a mércores, 16 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 16/09/2015 12:28:36***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41422
Data envío: 17/09/2015 10:54:38.043

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza retome o proxecto para construír vivenda protexida no entorno do casco histórico de Santiago de Compostela.

O BNG ven defendo a necesidade de que na cidade de Santiago de Compostela se aposte firmemente por unha política pública de vivenda que responda as necesidades que hai detectadas. Nese sentido fomos moi críticos coa decisión da Xunta de renunciar a construír vivenda protexida no entorno da zona antiga. En concreto referímonos á parcela onde conflúen  a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba, unha parcela en propiedade de 1.603 metros cadrados valorada en 2,9 millóns de euros. Nesta parcela existía un proxecto para facer vivenda en aluguer, mais o PP paralizou este proxecto e pretendía permuta desa parcela por outras parcelas (de valor moito inferior) que o IGVS ten no SUNP-12 de Lamas de Abade. A empresa adxudicataria de dito concurso deberá construír dous bloques (un de 12 e outro de 24 vivendas) de promoción pública nun prazo máximo de 30 meses e a cambio obterá  a titularidade da parcela de Xoán XXIII e a posibilidade de edificar vivenda libre nela.

Finalmente, a decisión non vai ir adiante a causa dun acordo no concello que desbota esta posibilidade. Desde o BNG acollemos con satisfacción que unha medida que defendemos se materialice. Desde o BNG avogamos por recuperar o proxecto que pretendía construír 40 vivendas (31 estudos e nove apartamentos de dúas habitacións) pensadas para mozos e mozas de menos de 35 anos e en réxime de alugueiro por un

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41422
Data envío: 17/09/2015 10:54:38.043

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo máximo de dez anos e sen dereito a compra. Esta medida será positiva para promover o acceso á vivenda, evitar a especulación, sobre todo, introducir vivenda protexida na malla urbana como elemento de cohesión social e de valorización da propia figura de vivenda protexida que, na maioría das ocasións, queda relegada á periferia das cidades.

Por isto formúlase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a destinar a parcela que posúe o IGVS no espazo de confluencia entre a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba en Santiago de Compostela a construír vivenda protexida, impulsando o proxecto iniciado para construír 40 vivendas que serán ofertadas en réxime de alugueiro a menores de 35 anos."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG
Cosme Pombo Rodríguez
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41422
Data envio: 17/09/2015 10:54:38.043

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/09/2015 10:41:20**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/09/2015 10:41:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:07
Nº Rexistro: 41428
Data envío: 17/09/2015 12:07:54.195

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando a Xunta de Galiza a reclamar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a renovación do Acordo Pesqueiro con Portugal para que as flotas lusa e galega de arrastre faenen en condicións de igualdade.

Fai case dous anos asinábase en Bruxelas un acordo pesqueiro entre o Estado español e Portugal, que entre outros recollía unha demanda histórica do sector do arrastre litoral de que a flota portuguesa faene nas mesmas condicións que a galega, isto é que respecten o descanso semanal.

Esta medida que foi referendada e aplaudida polo sector e polo PP, cal non sería a súa sorpresa que poucos meses despois podían comprobar como os barcos lusos volvían outra vez a faenar os fins de semana, e despois de interesarse polo asunto comprobaron que o Ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete e a súa homóloga portuguesa, Asunçao Cristas, asinaran o 24 de marzo daquel ano a modificación deste Acordo pesqueiro polo cal a flota portuguesa volvía poder faenar as fins de semana.

Esta traizón ao sector, fixo que o BNG presentara unha Proposición non de lei para restituír o pactado. Iniciativa que foi rexeitado por parte do Grupo Popular e que obrigou a que o propio sector mantivera unha reunión con todos os grupos parlamentarios e que lograra o apoio unánime, tamén do PP, para que presentaramos unha Proposición non de lei solicitando que no Acordo se recollera o pactado, sendo aprobada por unanimidade polo Pleno do Parlamento galego do 15 de xullo de 2014 co seguinte texto:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:07
Nº Rexistro: 41428
Data envío: 17/09/2015 12:07:54.195

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente co obxecto de reclamar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a renovación do Acordo Pesqueiro con Portugal de xeito que as flotas lusa e galega de arrastre faenen en condicións de igualdade:

1º.- Se demande a reafirmación na consecuencia dun marco igualitario para a flota de arrastre de fondo do Cantábrico-noroeste en relación cos buques de arrastre de bandeira portuguesa que pescan nas augas xurisdicionais españolas da zona VIIIc e IXa, mediante a prohibición da actividade pesqueira dos citados buques a fin de semana.

2º.- Se implemente a dita medida coa translación ao Convenio bilateral España-Portugal do acordo conseguido pola Comisión Sectorial do Consello Galego de Pesca e que se postula na inclusión da prohibición da pesca con artes de arrastre os fins de semana para os buques de arrastre que pescan virtualmente en virtude deste convenio en augas xurisdicionais españolas."

A día de hoxe, nada se ten modificado e a flota galega continúa traballa en condicións desiguais con respecto da flota de pavillón luso, dado que seguen faenando as fins de semana por todo o litoral ocupando os nosos mercados cando aínda nós saímos a faenar, sufrindo unha competencia desleal nas nosas propias augas. Agora que vamos camiño de que remate o Acordo é o momento de modificar esta situación tan discriminatoria para a flota galega.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a renovación do Acordo Pesqueiro con

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portugal que garanta que as flotas lusa e galega de arrastre faenaran en condicións de igualdade."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2014

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 17/09/2015 12:05:54**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/09/2015 12:06:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:23
Nº Rexistro: 41431
Data envio: 17/09/2015 12:23:00.423

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trenor López, Agustín Baamonde Díaz, Marisol Díaz Mouteira, Hipólito Fariñas Sobrino, Jesús Goldar Güimil, Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Paula Prado del Río** e **Julia Rodríguez Barreira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

Europa está asistindo nestes momentos a unha grave crise humanitaria motivada polo desprazamento de miles de persoas que fuxen do terror e a guerra nos seus países de orixe e buscan en Europa un espazo de seguridade, liberdade e respecto aos dereitos humanos.

As connotacións enormemente dramáticas da situación humanitaria que estamos vivindo inclúen a terrible perda de vidas humanas, e demandan que todos nos impliquemos na busca de solucións á mesma.

Esta é unha cuestión de Estado, que require a máxima coordinación na Unión Europea e no resto da Comunidade Internacional; así como a colaboración, a nivel nacional, de todas as Administracións, organizacións e entidades do terceiro sector e sociedade civil no seu conxunto.

A sociedade española volveu a demostrar, unha vez máis, a enorme solidariedade e o gran compromiso que os españois sempre demostraron cós que sofren.

O Goberno da Nación traballa desde fai meses na xestión desta crise. Xa no mes de maio púxose en marcha un equipo de traballo coa participación dos diferentes departamentos ministeriais implicados, do que tomou o testigo un Grupo Interministerial formado por representantes de sete ministerios, que traballa xa con toda intensidade para preparar, con arranxo ás decisións europeas, a xestión do traslado, acollida e integración dos solicitantes de protección internacional.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:23
Nº Rexistro: 41431
Data envío: 17/09/2015 12:23:00.423

Así mesmo, reuniuse xa a Conferencia Sectorial da Inmigración, coa participación das Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias e intensificáronse as reunións e contactos coas entidades especializadas na atención e integración de refuxiados, así como cós representantes de ACNUR.

O Goberno da Nación mostrou en todo momento a súa disposición a colaborar á hora de facer fronte a esta crise e comprometeuse a acoller a cantos solicitantes de protección internacional propoña a Comisión Europea, dando proba da máxima responsabilidade e solidariedade nesta cuestión, como en tantas outras e como fixo desde o comezo desta crise.

De feito, o Goberno xa tiña previsto un importante incremento nas partidas dedicadas á acollida e integración de refuxiados, no proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2016 aprobado o 31 de xullo polo Consello de Ministros.

Adicionalmente, e en resposta ao agravamento da crise humanitaria, o Consello de Ministros do 11 de setembro aprobou  un Real Decreto de axudas extraordinarias, por importe de 13 millóns de euros, ás asociacións implicadas na xestión da axuda aos solicitantes de protección internacional; que supón unha primeira medida inmediata para adecuar a nosa rede de asistencia á  nova situación.

En coherencia con elo, o Partido Popular tamén presentou no  Congreso dos Deputados unha emenda transaccional aos orzamentos para 2016, apoiada por todos os grupos, para reforzar, con 200 millóns de euros, as partidas dedicados á atención de solicitantes de protección internacional.

España conta, desde fai anos, cun Sistema de Atención aos refuxiados que dou resposta ás necesidades de cada momento, e que se está reforzando con máis recursos para atender á situación actual. Contamos tamén coa sólida experiencia de ser un país de acollida, pola condición do noso país de fronteira marítima do Sur de Europa, o que nos converte nun referente na  atención humanitaria a estranxeiros, así como na reivindicación dunha política europea, conxunta, coordinada e integral en relación aos movementos migratorios de todo tipo.

Galicia, que sempre ten sido un pobo solidario e que contou tamén coa solidariedade doutros pobos, non permaneceu allea a esta realidade, e nese senso, responsables do Goberno galego, así como responsables de distintas administracións locais, teñen comunicado a súa disposición para colaborar no dispositivo necesario que se poña en marcha, para a acollida de refuxiados.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:23
Nº Rexistro: 41431
Data envio: 17/09/2015 12:23:00.423

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno, para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado.

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que todas as Administracións Públicas:

1. Sigan impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.
2. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos vivindo.
3. Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.
4. Dar prioridade ao diálogo e a cooperación cós países de orixe e tránsito, así como cós países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.
5. Colaborar cós países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.
6. Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados".

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/09/2015 12:20:46**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 17/09/2015 12:21:01**

**Agustín Baamonde Díaz na data 17/09/2015 12:21:08**

**Marisol Diaz Mouteira na data 17/09/2015 12:21:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:23
Nº Rexistro: 41431
Data envio: 17/09/2015 12:23:00.423

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 17/09/2015 12:21:22**

**Jesus Goldar Guimil na data 17/09/2015 12:21:31**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/09/2015 12:21:39**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/09/2015 12:21:48**

**Paula Prado del Rio na data 17/09/2015 12:22:00**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 17/09/2015 12:22:07**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Concepción Burgo López, Carmen Acuña do Campo, Juan Carlos González Santín, Carmen Gallego Calvar** e **María Quintas Alvarez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

En xuño deste ano, unha vez máis, a xerencia do HULA, seguindo as directrices da Consellería de Sanidade, pechou 136 camas nas unidades de Medicina Interna, Cirurxía Xeral, Xeriatría e Uroloxía.

Teoricamente, este peche realizarase entre o 1 de xuño e o 15 de setembro pero agora atopámonos con que o peche de camas vai seguir como mínimo un mes máis a pesar das necesidades de hospitalización e, o que é mais grave, que a unidade de Uroloxía vai desaparecer, pasando os seus pacientes de forma definitiva a unidade de Traumatoloxía.

Isto vai provocar graves prexuízos aos pacientes tanto de uroloxía como de traumatoloxía, que se van ver atendidos por persoal non especializado nas súas patoloxías o que reducirá, a pesar dos esforzos dos e das profesionais, a calidade asistencial como denuncian pacientes e traballadores. Tamén prexudica gravemente aos traballadores e traballadoras e, en definitiva, é unha nefasta xestión dos recursos humanos fundamentais no bo funcionamento do sistema sanitario.

A Conselleira de Sanidade e, en última instancia, o presidente Feijoo, están tendo unha actitude inaceptable coa cidadanía lucense. Non soamente incumpren as súas reiteradas promesas de instalar os servizos de radioterapia, medicina nuclear e hemodinámica 24 horas, senón que agora restrinxen servizos ata o momento existentes no HULA, provocando una diminución continua da calidade asistencial para os cidadáns e as cidadás da provincia.

Decisións destas características provocan un aumento das derivacións de pacientes á sanidade privada, un aumento da presión asistencial aos

traballadores e traballadoras que ven tamén reducidos seu número, unha perda da calidade asistencial, unha redución das prestacións...

En definitiva o que se intenta por parte do Goberno do presidente Feijoo e camiñar cara a destrución da sanidade pública que será substituída pola sanidade privada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a abrir de inmediato a unidade de Uroloxía con 34 camas do HULA agora pechada e repoñer nela a todos os traballadores e traballadoras existentes antes de xuño de 2015.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2015

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 17/09/2015 12:20:53**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 17/09/2015 12:20:58**

**Juan Carlos González Santín na data 17/09/2015 12:21:02**

**Carmen Gallego Calvar na data 17/09/2015 12:21:09**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 17/09/2015 12:21:15**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 17/09/2015 12:21:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:05
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 17/09/2015 13:05:50.516

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando a Xunta de Galiza a reclamar diante da UE a derrogación da actual normativa de etiquetaxe e impulsar un novo modelo de identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que lle de maior información ao consumidor e onde figure como lugar de orixe Galiza.

Estase a producir unha gran distorsión na comercialización dos produtos da pesca e acuicultura dende que tivo lugar a publicación por parte da UE do Regulamento 1379/2013 que establece a OCM (Organización Común de Mercados), onde unha vez máis antepón os dogmas do libre mercado ao dereito de información do consumidor e sobre todo impide que o produto garanta o seu lugar de procedencia. Perdendo os nosos produtos o valor da identidade de Galiza.

Así na información do lugar de procedencia encontrámonos con que se utiliza o código FAO, non diferenciando entre unha ameixa ou un berberecho extraído de banco natural das rías galegas do que se cultiva en Portugal, tendo que figurar na etiqueta de ambas capturas FAO 27 (Atlántico Nororiental) que ata decembro do 2014 era todo o que querería na etiquetaxe.

Na posibilidades de mellorar este modelo de etiquetaxe nocivo para os intereses galegos, o BNG e diversos colectivos sectoriais instamos ao Goberno galego a traballar nun novo modelo e desenvolver a súa capacidade de xestión para mellorar a información da etiquetaxe e defender os intereses da acuicultura e da pesca galega

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:05
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 17/09/2015 13:05:50.516

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encontrándonos co rexeitamento sistemático a ditas propostas ou con respostas tan peregrinas como que tanta información non cabía na etiqueta.

O resultado das últimas modificacións é peor do que había pois seguen mantendo como válido o modelo da listaxe das áreas FAO co cal deben seguir figurando FAO 27 pero ademais debe ir acompañado do nome da "subzona" a que pertence e dun mapa pictograma no que se indique con un punto a zona de orixe.

No caso particular de Galiza, a zona IXa, a zona atlántica, deberá figura a subzona "Augas portuguesas". E a zona VIIIc, zona cantábrica, deberá figurar "sur do Golfo de Vizcaia".

Galiza posúe variadas marcas inmateriais como "Marisco de Galicia", "Mexillón de Galicia", "Ameixa de Carril", "Longueirón de Fisterra", "Berberecho de Noia", "Chocos de Redondela",... que deste xeito ve como se uniformara cada vez máis a información e a identidade do modelo de produción, da zona de cultivo, da calidade dos produtos galegos son sistematicamente ignorados e ninguneados pola normativa comunitaria pero tamén polo representantes que o PP ten en Bruxelas, en Madrid ou na propia Xunta de Galiza que en vez de defender o dereito dos nosos mariñeiros a producir e a comercializar con identidade propia sométense aos ditados do mercado e colaboran entusiasticamente coa desaparición dos modelos de produción tradicionais con identidade propia como segue sendo a pesca e a acuicultura en Galiza.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar diante da UE a derrogación da actual normativa de etiquetaxe e impulsar un novo modelo de

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que lle de maior información ao consumidor e onde figure como lugar de orixe Galiza."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 17/09/2015 12:50:47**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/09/2015 12:50:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:41
Nº Rexistro: 41445
Data envío: 17/09/2015 13:41:52.049

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da flota de arrastre de gran altura, ao igual que a do cerco conxelador, que facilite a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais.

Ven de publicarse o Real Decreto 790/2015, de 4 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 1549/2009, de 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e a adaptación ao Fondo Europeo de Pesca, referido a flota atuneira que opera en caladoiros de larga distancia, rexistrada no censo da flota pesqueira operativa como cerco conxelador.

Considerando as especiais características desta flota que a fan aconsellable acometer unha regulación específica para facilitar a construción de novas unidades pesqueira. E encima ven xustificada na evidencia da rendibilidade económica a largo prazo e a boa situación dos bancos pesqueiros alí onde faenan.

Estas medidas son complementarias a outras de abandeiramento, de rexistros especias ou vinculación das súas construcións con estaleiros da UE. Medidas todas importantes para defender e por en valor un segmento importante da flota de gran altura do Estado español e que xa quixeramos contar con este tipo de iniciativas por parte do Goberno galego e obter tanta receptividade e tantas melloras por parte de Madrid.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:41
Nº Rexistro: 41445
Data envio: 17/09/2015 13:41:52.049

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central un marco de excepcionalidade da flota de arrastre de gran altura, ao igual que a do cerco conxelador, lle facilite a renovación das unidades operativas e as melloras que ofrecen os rexistros especiais."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Potrtavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 17/09/2015 13:20:36**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/09/2015 13:20:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:56
Nº Rexistro: 41453
Data envio: 17/09/2015 13:56:39.372

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova
equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno,** relativa a enquisa trimestral de custo laboral do segundo trimestre do 2015.

**Exposición de motivos**

A publicación polo IGE da enquisa trimestral de custo laboral do segundo trimestre do 2015 sinala o sentido que adquire a recuperación económica do PP, que non é outra que o de favorecer os intereses das clases dominantes, cuxa expresión política por outra parte representa o partido que sostén ao goberno de Núñez Feijóo.

Outro trimestre máis o custo laboral das empresas diminuíu en un 2,1% en taxa interanual. Para Galiciaese custo laboral total importa 2.242,86 euros. Respecto á media estatal seguimos á cola, tanto na evolución interanual que marcou un incremento do 0,4% como na contía absoluta, que suma 2.591,5 euros.

O custo salarial tamén cae un 2,2% en taxa interanual (no Estado se incrementa pola contra un 0,6%). O custo salarial queda no noso país en 1.635,8 euros, máis de 300 euros por baixo do custo medio estatal.

Evolución semellante presenta o custo laboral por hora efectiva, que si no Estado crece un 0,2% en Galicia cae un 2,2%. Cada hora efectiva supón en Galicia 16,67 euros e en España, 19,71 euros.

Galicia acompaña sitúase no penúltimo lugar cos maiores descensos. Traballa máis horas que unha media estatal da que progresivamente diverxemos máis.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 13:56
Nº Rexistro: 41453
Data envio: 17/09/2015 13:56:39.372

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver unha política alternativa a que executa na actualidade para reverter a crecente desigualdade e pobreza provocadas, entre outras cuestión, pola rebaixa salarial.

- O Parlamento galego insta á Xunta a demandar do goberno central a derrogación do decreto lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e o decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

En Compostela, a 17 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 17/09/2015 13:55:26**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41456
Data envío: 17/09/2015 14:18:29.848

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EU equo

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao través dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez**, **Xabier Ron Fernández** e **Antón Sánchez García,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno,** relativa á solidariedade coas persoas que migran como consecuencia da sistemática de violencia material e bélica nos seus países de orixe.

**Exposición de motivos**

A crise das persoas refuxiadas procedentes de Siria testemuña a inanidade das proclamas en materia de dereitos humanos efectuadas pola Unión Europea e a degradación desta superestrutura, a apenas outra cousa que un furibundo garda das propiedades das clases dominantes europeas. A impotencia preñada de egoísmos dos diversos Estados europeos semella incapaz de acoller a unha moi pequena parte desta vaga de seres humanos que foxen do lume prendido polo imperialismo no continente africano e en Oriente Medio.

A crise siria desprazou dos seus fogares a unha decena de millóns de seres humanos, ao redor dos cales uns 3-4 millóns son xa persoas refuxiadas nos Estados limítrofes co sirio. Desas magnitudes só unha fracción menor está achegándose ás fronteiras da UE para atopar a ignominia dos muros e cicatería dos petos das potencias occidentais. UE que, lonxe de desplegar unha política de acollida que permita atender con dignidade ás preto de 360.000 persoas que franquearon o Mediterráneo neste ano, decidiu acoller a só 40.000 persoas. Ignoramos cal será o destino que a miseria burocrática de Bruxelas reserva para os demais. Quizabes as prácticas do goberno de ultradereita húngara sexan un indicio, aterrador polo demais.

Esta corrente de persoas que buscan refuxio e asilo forma parte da xigantesca migración que percorre o planeta como consecuencia da violencia material e simbólica, entreverada de guerras polos recursos naturais, que preside as relacións internacionais,

onde un puñado de grandes empresas transnacionais saquean ou practican un intercambio desigual coas sociedades empobrecidas polo capitalismo.

Cómpre afirmar que non hai diferenzas entre as persoas que percorren o Oriente Medio fuxindo da guerra desencadenada en Siria para chegar a centroeuropa, das persoas que atravesan o continente africano para atopar un sitio menos hostil onde vivir na beira norte do Mediterráneo: todas son vástagas dunha violencia multiforme que beneficia a unhas poucas empresas e Estados occidentais.

A resposta dunha Europa fortaleza con armas e gases, a suspensión ad hoc do tratado de Schengen, a discusión mesquiña polas cotas de persoas refuxiadas polos Estados adquiren a fisonomía aterradora da barbarie economicista.

Pola contra, nós afirmamos que a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* debe ser o único pasaporte que precisan as persoas que chegan á UE para recibir un acubillo digno neste continente. O dereito de asilo, como parte integrante da devandita Declaración e a Carta de Dereitos Fundamentais da UE que recolle o principio de non devolución contemplado na Convención de Xenebra son elementos da legalidade internacional– e mesmo da conciencia ética da humanidade – insoslaiables. Máis para un Estado como o noso, que viviu ao drama dunha fuxida masiva –centos de milleiros de republicanas e republicanos- pola fronteira francesa no inverno do 1939.

Acollida solidaria para a cal a Unión Europea dispón de recursos máis que suficientes para garantir unha atención digna a ese colectivo de persoas que petan, buscando paz e traballo, nas fronteiras do que noutrora foi un ideal de xustiza, igualdade e paz. Facemos nosoas as verbas do autor de Os Miserables, cando agardaba por esa Europa unida, sen guerras, con sufraxio universal, benestar para todos e todas, coa man tendida para superar os mares, e a nomeaba como a Humanidade.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

1. O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a

- 1.1. Elaborar de maneira urxente un programa de refuxio en Galicia que alomenos comprenda os seguintes elementos:
- aloxamento temporal;
- información e asesoramento legal sobre a súa nova situación;
- orientación para a súa incorporación ao sistema educativo, sanitario e social;
- atención psicolóxica;
- atención social especializada e xestión de axudas económicas complementarias;

- desenvolvemento de cursos para a aprendizaxe da nosa lingua e de habilidades sociais básicas; orientación e intermediación para a formación profesional e a inserción laboral e o

- disfrute de actividades ocupacionais e de ocio e tempo libre.

- 1.2. Demandar do goberno central o desenvolvemento no marco da UE das seguintes actuacións:

- Desenvolvemento dunha nova política de asilo e inmigración baseada no respecto aos Dereitos Humanos.

- Execución dunha operación de rescate e salvamento no mar Mediterráneo, que comporte en exclusiva un mandato humanitario, con medios suficientes para cumprir co deber de socorro e que se incardine na nova política de asilo.

- Lanzamento de programas de reasentamento que dispoñan dos medios suficientes para o volume real de persoas refuxiadas cun reparto equitativo entre os Estados membros da UE.

- Concesión de visados humanitarios e eliminación da esixencia de visado de tránsito para aquelas persoas que proceden de zonas en conflito.

- Garantir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados nos países de orixe e de tránsito.

- Nova política de concesión de visados humanitarios.Posta efectiva en práctica da directiva Europea de Protección Temporal en vigor dende 2001, activando o mecanismo contemplado para facer fronte a emerxencias humanitarias.

- Aprobación dun mecanismo permanente, que permita actuar de forma áxil, coordinada e solidaria, sobre o respecto á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, en futuras situacións de emerxencia.

En Compostela, a 17 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41456
Data envio: 17/09/2015 14:18:29.848

**Yolanda Díaz Pérez na data 17/09/2015 14:17:56**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 17/09/2015 14:18:02**

**Anton Sánchez García na data 17/09/2015 14:18:08**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41460
Data envío: 17/09/2015 14:44:57.416

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O CEIP de Vite I en Santiago de Compostela é un centro público que está sufrindo de xeito alarmante os recortes en materia de educación pública. Así toda a comunidade educativa leva desde o inicio de curso protestando polos recortes e a desatención que sofre o alumnado que require necesidades educativas especias. De feito a maioría das nais e país decidiron, como medida de protesta, non enviar aos seus fillos e fillas a clase.

Estas demandas están fundamentadas na carencia de profesorado docente e específico. Unha merma e recortes que están afectando xustamente a aqueles menores que teñen máis necesidades e que precisan persoal de apoio.

Resulta dramático que se estea a xogar coa educación dos nosos nenos e nenas e que se degrade un dos principios básicos como é a integración e a igualdade. Co agravante de que este centro se usa pola consellaría de educación como centro referente de persoal con diversidade funcional, mais despois non se dota do persoal preciso.

Urxe pois abandonar a política de recortes do ensino público e priorizar o dereito de todos os nenos e nenas a teren unha atención de calidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41460
Data envío: 17/09/2015 14:44:57.416

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a dotar de inmediato ao CEIP de Vite I de catro coidadores/as máis e un PT a tempo completo, tal e como demanda a comunidade educativa, co obxecto de garantir unha atención de calidade, integradora e igualitaria para todo o alumnado."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez
Deputado do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/09/2015 14:39:59**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/09/2015 14:40:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2015 13:17
Nº Rexistro: 41526
Data envío: 18/09/2015 13:17:05.793

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, solicita a seguinte corrección de erros nas proposicións non de lei con número de rexistro **41459** e **41460**:

**Débese eliminar a palabra "máis" na parte resolutiva**.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz s. do G.P. do BNG
**Cosme Pombo Rodríguez**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/09/2015 13:15:15**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/09/2015 13:15:26**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41463
Data envío: 17/09/2015 14:47:10.102

# Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O Observatorio da Débeda na Globalización no estudo "O custo real da enerxía: Estudo dos pagos ilexítimos ao sector eléctrico español 1998-2013" que tamén conta coa participación da Plataforma por un Novo Modelo Enerxético, considera que en 15 dos seus 18 anos de liberalización, o sector eléctrico español puido ingresar ata 103.000 millóns en pagos que non teñen correspondencia cos intereses da poboación e que poderían considerarse “ilexítimos”.

Para manter este tipo de debate débese lembrar que unha cousa é a legalidade e outra a lexitimidade. En realidade o estudo pretende actuar perante a opacidade e xeración normalizada de pagos ilexítimos por parte do estado ás compañías eléctricas dende a liberalización do mercado e ten por obxectivo analizar se ditos pagos responden aos intereses da cidadanía ou, pola contra, danan ou arriscan os seus dereitos fundamentais.

A liberalización do sector enerxético supuxo a repartición das cargas asociadas ao sector da electricidade. Considerando a enerxía un ben necesario e básico, e sendo o propio Estado o que recoñece os custes e as débedas que a sociedade pagará, fundamentalmente a través da tarifa eléctrica, a análise trata de determinar que parte dos mesmos serían ilexítimos dende un punto de vista social.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41463
Data envío: 17/09/2015 14:47:10.102

Algunha das conclusións deste estudo son:

- A tarifa eléctrica debe ser revisada, por conter apartados que non responden realmente ao interese da cidadanía: existen pagos asociados á enerxía nuclear, ao déficit de tarifa, asociados ao carbón e aos "custes de transición á competencia", pagos por capacidade, a aplicación do imposto á electricidade (más o IVE), os pagos asociados aos contratos de interrumpibilidade e a recadación polo alugueiro dos contadores.

- O mecanismo de fixación dos prezos da electricidade: obvia os custos reais de xeración, producindo desequilibrios moi significativos en forma de beneficios para as eléctricas e funciona mediante un mercado diario "irregular" que en grande medida fixa estes prezos.

- No plano financeiro destacan os pagos que o Estado realiza ás compañías eléctricas a través da poxa CESUR e os do chamado déficit de tarifa. A principios de 2014, o Goberno recoñecía que os cidadáns soportaran un pago adicional inxustificado na factura eléctrica entre 2009 y 2013, provocados pola poxa CESUR. Ademais, debido á emisión de bonos de mercado, o pago dos intereses do déficit tarifario compromete recursos públicos futuros destinados a pagar os intereses.

- A débeda recoñecida polo estado dos usuarios co sector podería ser considerada maioritariamente ilexítima por ter sido xerada de maneira opaca e irregular.

- O informe demostra que o sistema eléctrico español non é sustentable, xa que recibiu 65.000 millóns de euros en axudas. A historia recente do sector eléctrico español é a historia dunha crise constante na que as empresas requiren do apoio público para sosterse. Nos termos actuais de financiarización da economía, unha gran empresa é rendible cando é

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41463
Data envío: 17/09/2015 14:47:10.102

atractiva (beneficios crecentes) para os investidores financeiros no desenvolvemento dunha actividade que está suxeita a importantes limitacións, como as do sector eléctrico español. Unha das consecuencias do apoio do estado ás empresas é que estas terminaron controladas por actores de carácter eminentemente financeiro, e no caso das dúas maiores empresas (Endesa e Iberdrola) por actores públicos estranxeiros (ministerio de economía de Italia, no primeiro caso, e fondo soberano de Qatar, no segundo)

Tras a análise o estudo conclúe que a suma dos pagos realizados ao sector eléctrico no período da liberalización atoparíanse entre os 66.000 e os 76.000 millóns de euros que, actualizados segundo o valor do diñeiro en 2013, oscilaría entre os 81.709 e os 103.899 millóns de euros.

O recibo da luz subiu un 76% na última década: o usuario medio paga 400 euros máis ao ano pola súa factura eléctrica que en 2005. Era a cifra achegada a finais de agosto por Facua-Consumidores en Acción, que responsabilizan da “descomunal subida” ás políticas enerxéticas dos sucesivos gobernos, “pregadas aos intereses das grandes eléctricas”.

Coas tarifas vixentes durante os últimos 12 meses, o usuario medio acollido ao denominado Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor (PVPC) pagou 929,15 euros polas facturas da electricidade (77,4 euros mensuais), fronte aos 529,32 (44,1 ao mes) que abonaba coa tarifa aprobada polo Goberno en 2004. A asociación denunciaba que a “brutal subida tarifaria” pon de manifesto que a liberalización desenvolvida polos gobernos do PP e o PSOE só beneficiaron ao oligopolio eléctrico

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41463
Data envio: 17/09/2015 14:47:10.102

Polo exposto preséntase a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á xunta de Galicia a:

- Demandar do Goberno do Estado que poña en marcha unha auditoría do sector eléctrico que distinga entre a enerxía dedicada ao negocio e a enerxía dedicada á satisfacción de necesidades humanas; que teña en conta a procura de rendibilidade dos grandes capitais, desde a extracción ata o uso, e os impactos medio ambientais e sociais que estas prácticas provocan considerando que os pagos ilexítimos ao sector eléctrico son unha constante desde 1998.
- Demandar do Goberno do Estado a auditoría da débeda ilexítima co sector eléctrico atendendo aos resultados da auditoría proposta.
- A demandar do goberno do Estado que estableza as medidas necesarias para transitar cara a un modelo enerxético máis xusto coas maiorías sociais, garantindo os seus dereitos fundamentais e baseado na relocalización da cadea de subministración enerxética, a autosuficiencia e a repartición xusta das cargas ambientais e sociais a nivel global.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

*Asdo.:*
*Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*



**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41463
Data envio: 17/09/2015 14:47:10.102

**Carmen Iglesias Sueiro na data 17/09/2015 14:46:45**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 17:19
Nº Rexistro: 41466
Data envío: 17/09/2015 17:19:09.341

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación do IES Maruxa Mallo (Ordes).

Desde a comunidade educativa do IES Maruxa Mallo veñen amosando a súa preocupación polos recortes na calidade educativa que se producen neste centro. Así, a pesar de que o alumnado se mantén en cifras estábeis, a Consellaría de Educación, está recortando profesorado dun xeito drástico. Isto implica a masificación das aulas e unha mingua de calidade educativa que reciben estes rapaces e rapazas. Como mostra do dito está que nos últimos tres cursos, sen variación do alumnado, este centro conta con 11 profesores menos. Este curso a Xunta recortou tres profesores e provoca a masificación das aulas.

Representantes do Consello Escolar teñen manifestado a súa preocupación “pola deficiencia notoria da calidade da ensinanza” e denuncian “ que moito do profesorado ten que dedicarse a materias para as que non se especializou e ensinar a un número amplo de alumnos/as”. Ademais critican que reduzan os grupos de terceiro o que vai levar a que haxa máis de trinta alumnos/as por aula. Alegan ademais que as aulas teñen pouco espazo e unha climatización deficiente.

Desde o BNG compartimos esta preocupación e coa finalidade de buscar unha situación a este problema, e polo tanto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 17:19
Nº Rexistro: 41466
Data envío: 17/09/2015 17:19:09.341

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que:

1-. Manteña ao profesorado necesario o IES Maruxa Mallo (Ordes), e que como mínimo, atenda a petición de que que se repoña un dos tres profesores de ciencias anulados neste curso, coa finalidade de poder ter unha ratio acorde coas metodoloxías que o Instituto pretende aplicar e poder ofrecer os Programas de Mellora de Rendemento para poder aplicar as innovacións didácticas que promove a LOMCE e para continuar cos proxectos didácticos nos que está involucrado.

2-. Que a unidade técnica estude e informe sobre as condicións climáticas, de comodidade dos alumnos no espazo e as laborais do profesorado nas aulas do IES Maruxa Mallo."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz s. do G.P. do BNG
**Cosme Pombo Rodríguez**,
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/09/2015 17:17:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 17:19
Nº Rexistro: 41466
Data envio: 17/09/2015 17:19:09.341

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/09/2015 17:17:48**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Juan Carlos González Santín, Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Ramón Val Alonso, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

A Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, establece no seu artigo 22.1e 2 que "...a cidadanía da Comunidade Autónoma galega ten o dereito a participar, a través dos órganos de participación comunitaria, na xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia, nas cuestións que afecten directamente a calidade de vida ou o benestar xeral e, en concreto, na formulación da política sanitaria e no control da súa execución. A participación na formulación da política sanitaria e no control da súa execución constitúe un dereito da cidadanía e da sociedade en xeral, un valor social e un instrumento de cooperación e información no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, para a mellora da saúde e o benestar da cidadanía."

Para exercer ese dereito, a dita lei contempla a creación dos consellos de saúde de área integrados por concellos, asociacións veciñais, organizacións empresariais e sindicais, asociacións de pacientes e responsables sanitarios e con importantes funcións perfectamente reflectidas no artigo 25.5. da lei:
"a) Proporlles aos órganos de dirección da área aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do Plan de saúde ou documento estratéxico da área sanitaria e ser informados da súa avaliación.
c) Coñecer a memoria anual da área sanitaria, para os efectos do seguimento, e a avaliación da xestión.
d) Coñecer e ser informados dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos programas de subvención feitos na área.
e) Propor medidas dirixidas a mellorar a xestión sanitaria."

En Lugo, dende a chegada do Goberno da Xunta de Galicia do Sr. Feijoo, este consello non foi convocado negándose, desta maneira, o dereito a participación da cidadanía, máxime nun área sanitaria onde faltan prestacións

sanitarias importantes reivindicadas por concellos, asociacións e veciños e veciñas como son os servizos de radioterapia, hemodinámica 24 horas e medicina nuclear, pero tamén con problemas derivados polo peche de camas no HULA, listas de espera, infraestruturas sanitarias no barrio da Residencia entre outras.

A convocatoria deste consello na provincia de Lugo foi reivindicada en múltiples ocasións pola Federación de Veciños sen que tivera resposta por parte do Goberno, que semella querer negar a voz á cidadanía, incluso incumprindo a lei. Está claro que, dada a política de privatización e recortes que está a levar a cabo o presidente Feijoo, non quere que a veciñanza podan expresar a súa opinión contraria as medidas tomadas polo executivo.

Esta situación non é aceptable. O Goberno do Sr. Feijoo ten a obriga de cumprir a lei e polo tanto convocar o consello de saúde e respectar os dereitos dos cidadáns que agora mesmo están sendo conculcados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír e convocar o Consello de Saúde da área sanitaria de Lugo tal como marca a Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia de forma inmediata, en todo caso antes de rematar o ano 2015.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2015

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Carlos González Santín
Ricardo Vicente Docasar Docasar
José Ramón Val Alonso
Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2015 17:04
Nº Rexistro: 41088
Data envío: 11/09/2015 17:04:41.629

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 11/09/2015 16:38:03**

**Juan Carlos González Santín na data 11/09/2015 16:38:09**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 11/09/2015 16:38:17**

**José Ramón Val Alonso na data 11/09/2015 16:38:26**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 11/09/2015 16:38:32**

**Carmen Gallego Calvar na data 11/09/2015 16:38:34**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 11/09/2015 16:38:40**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/09/2015 16:38:42**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2015 17:08
Nº Rexistro: 41099
Data envío: 11/09/2015 17:08:40.799





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández e Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

A Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) ten decidido rematar coas historias clínicas en papel, peza fundamental, ata agora, para facilitar as consultas e para axudar a conseguir un bo diagnóstico e un adecuado tratamento.

Pois na historia clínica se rexistran TODOS os datos, as valoracións e as informacións sobre a situación e a evolución clínica dun paciente en cada un dos procesos asistenciais padecidos o longo da súa vida e os coidados prestados aos doentes polos diferentes equipos que conforman a rede sanitaria pública.

Polo que sen ela é imposible que os e as profesionais da saúde poda ter unha visión completa e global da persoa doente.

Ata agora esta historia se recollía en papel, pero a tecnoloxía permite que xa se almacene en formato dixital. Pero, claro antes de pensar en retirar completamente o papel teriamos que ter trasladado toda esa información ao novo formato, algo que aínda non se ten logrado.

Por iso, a retirada precipitada ordenada pola Xerencia do CHUOU está ocasionando máis dunha queixa e moitos problemas na atención sanitaria e no traballo diario das especialidades xa afectadas por esa medida. Ademais de moitas preocupacións de índole laboral a todas as persoas que ata agora se encargaban do arquivo e custodia das historias en papel.

Está claro que o que se busca con esta medida é o aforro económico, pero non a calidade asistencial, pois insisto en que ata agora non se conta nos

ordenadores con todos os datos nin se poden comparar algunhas probas gráficas por non estar dixitalizadas.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata:

1. Paralice a retirada das historias clínicas en papel en todos os centros sanitarios da rede sanitaria pública galega ata completar a dixitalización de toda esa información.

2. Garanta que mentres non estean totalmente dixitalizados todos eses datos, os e as facultativas van seguir tendo acceso con toda normalidade á historia clínica en formato papel para poder prestar unha correcta atención aos e as doentes.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 11/09/2015 16:56:42**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 11/09/2015 16:56:49**

**Carmen Gallego Calvar na data 11/09/2015 16:56:54**

Grupo Parlamentario

**Raúl Fernández Fernández na data 11/09/2015 16:57:00**

**Noela Blanco Rodriguez na data 11/09/2015 16:57:08**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/09/2015 16:57:13**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 10:51
Nº Rexistro: 41110
Data envio: 14/09/2015 10:51:00.286

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EU equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao través de **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa voceira**,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN,** relativa á **incorporación nos Orzamentos do 2016 dunha partida orzamentaria destinada a dotar do material necesario ao IES Milladoiro**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No curso 2013-2014 iniciaba a súa andaina o IES Milladoiro, un centro educativo agardado con impaciencia por toda a comunidade educativa. No entanto, non se cumpriron as previsións iniciais de dotación de recursos para equipar os laboratorios e departamentos, así como non se dispuxo de todo o que precisa o IES para o desenvolvemento da docencia informática.

As dúas ANPAS constituídas oficialmente no IES Milladoiro, así como persoal docente e dirección piden que se complete o proceso dotacional para poder desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe con plenas garantías, conforme a unha educación pública de calidade.

Por todo o indicado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

- **O Parlamento Galego insta á Xunta a dispoñer dunha partida orzamentaria suficiente nos Orzamentos do 2016 destinada a cumprir coas previsións iniciais en cuestión de dotación de equipamento para Laboratorios e Departamentos, así como dos recursos informáticos precisos para garantir a calidade do servizo educativo no IES Milladoiro do concello de Ames.**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 10:51
Nº Rexistro: 41110
Data envio: 14/09/2015 10:51:00.286

Compostela, 14 de setembro de 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 14/09/2015 10:50:18**

**Ramón Vázquez Díaz na data 14/09/2015 10:50:24**

**Yolanda Díaz Pérez na data 14/09/2015 10:50:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 11:32
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 14/09/2015 11:32:47.196

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EU ecosocialistas galegos equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz,** e da súa voceira**,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN,** relativa á **necesidade de avanzar no recoñecemento dos dereitos do alumnado con trastorno do espectro do autismo e garantir o desenvolvemento dunha educación inclusiva no sistema público de ensinanza**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Estamos moi lonxe de pasar dun estadio de sociedade integradora a unha inclusiva en todos os eidos da vida. De feito, os continuados recortes en materia social imposibilitan non só ese avance, senón que nos conducen a un estadio anterior de segregación, por moito que a literatura mediática e institucionalizada tente convencer á cidadanía do contrario.

E isto manifèstase de forma moi grave e acusada no sistema público da educación, tal como alertaba no seu último informa o Valedor do Pobo que, no epígrafe dedicado ao *Dereito á Educación Inclusiva*, manifestaba que "non se respecta ese dereito", producíndose unha "tensión entre o dereito á educación inclusiva e a limitada oferta de recursos adecuados". Isto a AGE parécelle moi grave e impropio dunha sociedade democrática avanzada.

A continuada política de recortes está provocando non só unha privatización no proceso de valoración temperá dos nenos e nenas con *Trastorno do Espectro do Autismo* (**TEA**), con implicacións económicas para as familias. Isto xa establece un proceso de discriminación intolerable, pois non todas poden facer fronte aos gastos.

En segundo lugar, os recortes e a falta de recursos persoais e materiais impiden desenvolver unha atención integral do alumnado con TEA que permita deseñar con firmeza unha educación inclusiva no sistema público de educación. Igualdade na diversidade. A diversidade coma un valor, non coma un defecto. O centro educativo é un espazo relacional e social, entendido na súa plenitude de lugares e horarios. Nada pode permanecer fóra da atención á diversidade. E moito menos no caso de termos alumnado con Trastorno do espectro do Autismo.

E fronte a este proceso de recortes, a solución non pode pasar pola non escolarización no seu centro de referencia e a ‘obriga’ de ter que escolarizarse nun centro de educación especial. Estes centros deben avanzar cara a unha función de asesoría, formación e apoio en perfecta coordinación, para acadar complementariedade e cooperación cos centros educativos públicos.

Xa o di a declaración da Unesco: as escolas ordinarias, ben dotadas, con recursos materiais, organizativos e humanos axeitados e suficentes, son o medio máis eficaz para combater as actitudes e condutas discriminatorias, crear comunidades de acollida, construír unha sociedade integradora e lograr a educación inclusiva.

A política escolar inclusiva só é posible cunha ampla dotación orazamentaria, unha continua formación e profesorado especializado no apoio educativo a nenos e nenas con trastorno do espectro do autismo.

Por esta razón, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Garantir o dereito a unha educación inclusiva dos nenos e nenas con TEA. Para iso deben contemplarse, cando menos, as seguintes medidas de actuación:

    1.1. Dotar de recursos materiais e humanos aos Equipos de Orientación Específica para que podan desenvolver con garantías o seu traballo de valoración dos nenos e nenas e poder intervir educativamente desde as idades máis temperás cos nenos e nenas con TEA.

    1.2. Realizar os trámites precisos para que as valoracións temperás dos nenos e nenas se realice desde o sistema público e, en todo caso, sen que represente ningunha carga económica para as familias dita valoración.

    1.3. Garantir que a educación dos nenos e nenas con TEA se realice no centro de socialización que é o centro máis vencellado á residencia da familia.

    1.4. Establecer medidas de cooperación e colaboración con centros específicos e con colectivos especializados na atención a nenos e nenas con TEA para desenvolver tarefas de asesoría, información asi como outras medidas de apoio especializado que podan deseñarse en función do contexto propio do centro educativo.

    1.5. Elaborar programas específicos e especializados de formación de profesorado en TEA para desenvolver os protocolos de actuación e as diferentes estratexias de atención educativa axeitados ás necesidades educativas específicas de nenos e nenas con TEA.

    1.6. Redactar de forma participada protocolos de T.E.I. (Titorización Entre Iguais) con vistas á súa incorporación nos protocolos de prevención de situacións de acoso escolar nos centros públicos de educación.

1.7. Deseñar, en colaboración cos centros educativos e co persoal especializado, plans de actuación que contemplen a organización estrutural dos tempos e espazos do recreo para garantir a atención a nenos e nenas con TEA.

1.8. Dispoñer todas as medidas orzamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento correcto das diferentes medidas enumeradas.

Compostela, 14 de setembro de 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 14/09/2015 11:31:13**

**Ramón Vázquez Díaz na data 14/09/2015 11:31:21**

**Yolanda Díaz Pérez na data 14/09/2015 11:31:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41173
Data envío: 14/09/2015 15:18:56.312

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición Non De Lei** para o seu tratamento en **Comisión**:

Mirando con perspectiva o acontecido este ano cos lumes en Galiza, a redución de anos anteriores semella obedecer máis á meteoroloxía favorable que a medidas reais eficaces de política forestal.

O modelo seguido ata o de agora para loitar contra o lume esixe grandes medios humanos, económicos e materiais de extinción e estanse a demostrar ineficaces ao centrarse, exclusivamente, na extinción sendo case inexistente a prevención e escasa a vixilancia.

De sobra son coñecidos as consecuencias dos incendios que afectan gravemente ás poboacións, á propiedade e aos recursos natural; que devastan as superficies forestais, reducindo o seu valor ecolóxico, incrementando o risco de erosión e a perda de chan, ou contribuíndo ao cambio climático e ao quecemento global do Planeta. Aínda que resulte abraiante, existen xa, zonas

O que xa non está tan claro - e é motivo de debate e controversia - son as razóns polas que Galiza arde e soporta todos os anos lumes devastadores provocados na súa inmensa maioría pola acción humana: o abandono do monte, o despoboamento e envellecemento das xentes do rural, a diminución da gandería extensiva e da actividade agrícola, as repoboacións masivas de monocultivos con especies pirófitas, intereses dos sectores da industria forestal, mala planificación e falta de inversións en espazos protexidos, a nova economía do lume etc... que fan de Galiza un ecosistema vulnerable e de alto risco.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41173
Data envío: 14/09/2015 15:18:56.312

Tales causas non son obxecto de análise neste documento e correspóndelle aos distintos organismos, administracións, axentes, estudosos, profesionais e sociedade en xeral dar con elas. O que si compete a esta institución é a responsabilidade política que esixa ás Administracións as accións precisas que aporten solucións á lacar que asola Galiza cada verán.

O que queda claro é que a actual política autonómica de lumes é un fracaso que consume non só a terra, se non tamén inxentes cantidades de diñeiro público de xeito ineficaz. Galiza gasta cada ano uns 100 millóns de euros en extinción. Pola contra, outra comunidade semellante en extensión a Galiza como é Cataluña, e tamén con bastante incidencia de lumes, gasta a cuarta parte; Aragón a oitava parte; Estremadura un terzo; Andalucía a quinta parte; a Deputación de Bizkaia, 2 millóns de euros; a de Araba 1,3 millóns.... Así as cousas, a opinión dunha organización como Comisións Obreiras (CCOO) que cualifica a política forestal da Consellería de Medio Rural, como “esgotada, mal planificada e absolutamente descontrolada” queixándose da descoordinación sen un mando único e da UME actuando de xeito autónomo, semella moi razoable.

Aos problemas estruturais mencionados, súmase, agora, a política aplicada dende o goberno estatal apostando, novamente polos intereses privados fronte aos públicos coa nova Lei de Montes que permite a construción en zonas forestais incendiadas, a desregulación dos aproveitamentos forestais eliminando a necesidade de planificar os aproveitamentos sostibles nos montes privados e públicos non catalogados, reducindo o control sobre a xestión, ou quitando competencias aos axentes forestais e ambientais cando a escaseza de vixilancia e control dos montes é outra das eivas que arrastra a loita contra o lume e a protección dos espazos forestais. En definitiva, como xa estamos afeitos, unha nova lei que beneficia intereses privados do sector papeleiro, do aproveitamento forestal ou cinexético e que conta coa oposición de ecoloxistas, axentes forestais, ou sindicatos que denuncian que a Lei permite novas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41173
Data envio: 14/09/2015 15:18:56.312

actividades nos monte de utilidade pública non necesariamente vinculadas á actividade forestal, gandeira ou ambiental dos montes.

Bótase de menos políticas medianamente intelixentes por parte das institucións autonómica e estatal xa que, nin as políticas de desenvolvemento rural nin as políticas forestais contribuíron a reducir o impacto do despoboamento e os cambios de uso do terreo.

En definitiva, con causas estruturais sen solucionar e incrementando o perigo de incendio con lexislación inadecuada e propiciadora, quitando vixilancia e funcións dos axentes forestais, a negativa para profesionalizar o sector recoñecendo a categoría de bombeiro forestal, a falta de prevención, o grande negocio das repoboacións e a subcontrata de medios e efectivos nos dispositivos de extinción que xa se da en chamar economía do lume, etc, só podemos esperar un escenario que reproduza ou empeore o acontecido este verán.

Por estas razóns, ante o escenario que se albisca, e os grandes recursos que consume a loita contra o lume, crese urxente e necesario artellar unha acción política contundente, cooperante e de amplo consenso que non dependa dos distintos gobernos que ocupen as administracións cada catro anos.

Polo dito, formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo os trámites necesarios para crear un grupo de traballo de estudo e investigación na loita contra o lume que aglutine e integre a expertos na materia, partidos políticos, institucións, profesionais, técnicos, universidades, sindicatos, comunidades de montes, tecido empresarial, organizacións ambientais, e todos os organismos implicados así como á sociedade en xeral, co obxectivo de aportar solucións a curto, medio e longo prazo consensuadas que permitan renovar a política forestal e rural en Galiza favorecendo a vida no rural e un monte sostible."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41173
Data envio: 14/09/2015 15:18:56.312

Pazo do Parlamento a luns, 14 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 14/09/2015 15:18:14***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 11:00
Nº Rexistro: 41245
Data envío: 15/09/2015 11:00:01.650

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición Non De Lei** para o seu tratamento en **Comisión**:

A historia de cidadáns que denunciaron a corrupción e que destaparon ou testemuñaron en contra dela, é unha historia de sacrificio, sufrimento, desprestixio, acoso laboral, ameazas, despedimentos, paro, precariedade, perda da saúde... en definitiva: persoas que sacrificaron as súas vidas.

Estas persoas do que o seu único propósito foi defender o de todos e todas, o público, a dignidade dunha sociedade, lonxe de ser respectadas e encomiadas pola súa valía convértense en vítimas e ven como as súas vidas quedan desfeitas por actuar de xeito exemplar, facer o correcto, ter principios, crer na democracia e ser consecuentes.

Unha sociedade digna non pode permitir algo semellante e debe estar á altura dos seus cidadáns exemplares e protexelos. Sen embargo sofren un calvario, déixanse a saúde e o diñeiro en procesos xudiciais mentres os presuntos corruptos son defendidos case sempre con cartos públicos.

Precisamos, pois, recoñecerlles a súa valía, pero, sobre todo unha normativa que os protexa e ampare para que as persoas coñecedoras de casos de corrupción denuncien os mesmos con garantías sabendo que non van sacrificar as súas vidas por ser honrados e defender o público.

O período de sesións anterior tentouse artellar un conxunto de normas para rexenerar as institucións e poñer remedio á que, segundo o CIS é o segundo problema que máis preocupa aos cidadáns logo do paro: a corrupción.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 11:00
Nº Rexistro: 41245
Data envío: 15/09/2015 11:00:01.650

Porén, cremos que nin foron de abondo, nin responden ás expectativas dos cidadáns e cidadás e así o testemuña a solicitude cidadá creada na plataforma change.org que xa conta coa sinatura de milleiros de persoas.

O artigo 33 da Convención de Nacións Unidas contra a corrupción, que España ratificou en 2003, recomenda desenvolver a protección a testemuñas de corrupción mediante unha norma de carácter nacional. Doce anos despois ningún goberno do país fixo nada ao respecto.

Polo dito, formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a desenrolar unha norma de carácter nacional que protexa ás persoas que denuncian a corrupción política e que conteñan, como mínimo, as seguintes medidas:

**1. Protección da súa intimidade:**

- Protexer especialmente as comunicacións persoais (por e-mail, móbil), e investigar de oficio calquera inxerencia.
- Inclusión do denunciante, en caso de solicitalo, e de testemuñas, no programa de protección de testemuñas.
- Que se permita a denuncia anónima para casos de corrupción de representantes públicos.

**2. Defensa Xurídica:**

- O denunciante e a testemuña deben ter dereito a asistencia xurídica gratuíta nos procesos que poidan ser derivados da súa condición de denunciante ou testemuña: denuncias por acoso, ameazas, inxurias, calumnias, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 11:00
Nº Rexistro: 41245
Data envío: 15/09/2015 11:00:01.650

- Os procesos xudiciais nos que estea inmerso o denunciante ou testemuña (acoso, calumnias, inxurias...) deberían ser tratados coma xuízos exprés (similar aos xuízos por violencia de xénero). A dilación no tempo é unha forma máis de desgaste psicolóxico, económico, etc. Es intolerable que o cidadán que denuncia a corrupción do seu país sexa asediado mediante acoso, desprestixio, persecución, etc., e que estea sometido a elo durante anos, a modo de castigo.

**3. Protección da súa integridade física:**

- Protección de seguridade, no grao que sexa preciso, nos casos que se estime oportuno.

**4. Estabilidade laboral**

- Ao igual que en mulleres embarazadas, considerase nulo o despido dunha denunciante a testemuña de corrupción política perante o tempo que dure o proceso xudicial no que se vexa inmerso e, se se demostra que o denunciante tiña razón, que estea protexido o tempo que sexa preciso (en Estados Unidos, protéxense de por vida).
- No caso de despido, que sexa o empregador o que deba demostrar que non bota ao traballador por ser denunciante de corrupción, como ocorre nos casos de discriminación laboral por razón de sexo.

**5. Atención psicolóxica e médica**, se o denunciante o considerara ."

Pazo do Parlamento a martes, 15 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*



***Asinado dixitalmente por:***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 11:00
Nº Rexistro: 41245
Data envio: 15/09/2015 11:00:01.650

***Carmen Iglesias Sueiro na data 15/09/2015 10:59:04***

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)** a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández,** ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión,** sobre o **agrupamento de alumnado de diferentes idades e cursos nunha mesma aula nos Centros de Ensino Público de Galicia.**

No inicio do curso 2015/2016, o Goberno galego continuará co desmantelamento da rede de centros públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.Trece escolas, 82 aulas e 122 prazas de profesorado desaparecerán do sistema educativo público galego no vindeiro curso segundo os datos que publicaba o Diario Oficial de Galicia o pasado 21 de xullo na orde de catálogos de educación infantil e primaria.

O balanzo aterrador dos seis anos de Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, resúmese nas seguintes cifras: 532 aulas suprimidas e 103 escolas eliminadas, todo un récord na historia do noso pais que sitúa ao noso medio rural nunha clara situación de marxinación educativa.

Ademais do peche de escolas e aulas e da supresión de profesorado, case o 50% dos concellos da provincia de Lugo e Ourense teñen alumnado de diferentes idades e cursos mesturados na mesma aula, un feito ao que se engade a masificación de moitas aulas onde se superan claramente as rateos establecidas.

O peche de aulas e escolas, vese acompañado ademais polo agrupamento masivo de alumnado de diferentes idades e cursos nunha mesma aula. Nas provincias de Lugo e Ourense practicamente a metade dos concellos teñen centros nos que alumnado de diferentes idades e curso se atopa mesturado, nalgúns casos, mesmo rapaces e rapazas de tres cursos nunha mesma aula.

Por outra banda, as rateos de alumnos e alumnas non deixan de incrementarse nunhas aulas cada día mais masificadas. Con frecuencia atopamos aulas de Educación Primaria con 27 ou 28 alumnos, alcanzándose os 35 en Educación Secundaria.

Todo elo afecta gravemente a calidade do ensino, especialmente á atención a diversidade, situando os procesos de ensino e aprendizaxe ao borde do colapso e provocando desánimo e preocupación na comunidade educativa.

O profesorado galego e as familias, descoñecen os criterios que o Goberno galego segue para proceder co agrupamento de alumnado, acontecendo ademais, agravios comparativos entre diferentes centros, polo que compre, cando menos, que a administración educativa aclare os criterios pedagóxicos e organizativos que segue á hora de agrupar alumnos de diferentes idades e cursos nunha mesma aula.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta ao Goberno Galego a remitir aos Grupos Parlamentares do Parlamento os criterios pedagóxicos e organizativos que segue á hora de agrupar alumnado de diferentes idades e cursos nunha mesma aula, aclarando cantos centros e con que número de alumnos e alumnas, teñen aulas con agrupamentos.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz
Xabier Ron Fernández
Deputados do G.P. da AGE
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 13:07
Nº Rexistro: 41308
Data envio: 15/09/2015 13:07:50.382

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/09/2015 13:06:40**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/09/2015 13:06:49**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/09/2015 13:07:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 13:45
Nº Rexistro: 41317
Data envío: 15/09/2015 13:45:39.430

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galiza a impulsar accións políticas para reclamar que se preserven os fondos onde se pesca fletán como reserva pesqueira, impedindo outras actividades que ameazan os recursos como as prospeccións de hidrocarburos.

Desde fai máis de 20 anos a UE mantén acordos con Canadá para a conservación dos recursos pesqueiros en Terranova a través do foro NAFO (Organización Internacional do Atlántico Noroeste). Co fin de preservar varias especies, NAFO acordou reducir moi drasticamente as capturas, en especial no fletán negro, sometido a un plan especial de recuperación dende o ano 2003 e que rematará no 2018.

Este plan consolidou unha estratexia de acoso e expulsión por parte de Canada que tivo o seu inicio no apresamento do Estai e que supuxo que a flota galega pasara de ser a descubridora desta especie, e a desenvolver a súa actividade uns 30 arrastreiros, a que na actualidade unicamente faenen uns 8 barcos galegos.

Dende entón a flota que opera en NAFO vese sometida a un férreo control. No ano 2013 o actual Goberno do Partido Popular, aprobou un protocolo para o control dos desembarcos como si en vez de peixe desembarcaran droga: desde entón é habitual que estes barcos sexan esperados no molle por dotacións de inspectores de Madrid, de Bruxelas e por patrullas da Garda Civil. O despropósito e o acoso é tal que estes “fedellos” mandados por Madrid chegan a abrir e inspeccionar e incluso impedir o desembarco dos “quiñóns”, na busca de especies non autorizadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 13:45
Nº Rexistro: 41317
Data envío: 15/09/2015 13:45:39.430

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dereito histórico dos mariñeiros a poder levar algo de peixe para casa que representa unha cantidade ridícula da pesca. Esta actitude é tan afógante que as propias familias séntense denigradas por este comportamento totalmente desproporcionado e fora de lugar da Secretaría General del Mar.

É vergoñento encontrar unha vez máis coa colaboración entusiástica de Madrid, de perseguir, e intentar estigmatizar de ilegais e depredadores a flota galega, cando todos sabemos que son a vangarda do modelo pesqueiro de todo mundo, a pesares das restricións leoninas a que os teñen sometidos normas como estas.

Encontramos novamente como o Goberno galego renuncia as súas competencias en pesca na súa capacidade de influencia diante de Madrid, dado que toda a flota é galega, ou da denuncia diante de Bruxelas ante as actuacións de Canada cos continuos avisos que está a sufrir de abandono de zonas de pesca para que poidan realizarse prospeccións petrolíferas en puntos como o "Flemish Pass", a uns 1.000 metros de profundidade, onde se concentran os maiores bancos de fletán negro.

A UE, o Goberno central e a Xunta calan mentres Canada autoriza e lidera a explotación de hidrocarburos, cando ata agora viña acosando a flota galega e reclamando a eliminación da actividade pesqueira aducindo que eran fondos sensibles pola abundancia de gorgonias, plumas de mar, etc

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar accións políticas para reclama que se preserven os fondos onde se pesca fletán como reserva pesqueira,

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impedindo outras actividades que ameazan os recursos como as prospeccións de hidrocarburos."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 15/09/2015 11:04:22**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/09/2015 11:04:30**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41324
Data envio: 15/09/2015 14:48:24.746

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición Non De Lei** para o seu tratamento en **Comisión**:

A historia de cidadáns que denunciaron a corrupción e que destaparon ou testemuñaron en contra dela, é unha historia de sacrificio, sufrimento, desprestixio, acoso laboral, ameazas, despedimentos, paro, precariedade, perda da saúde... en definitiva: persoas que sacrificaron as súas vidas.

Estas persoas do que o seu único propósito foi defender o de todos e todas, o público, a dignidade dunha sociedade, lonxe de ser respectadas e encomiadas pola súa valía convértense en vítimas  e ven como as súas vidas quedan desfeitas por actuar de xeito exemplar, facer o correcto, ter principios, crer na democracia e ser consecuentes.

Unha sociedade digna non pode permitir algo semellante e debe estar á altura dos seus cidadáns exemplares e protexelos. Sen embargo sofren un calvario, déixanse a saúde e o diñeiro en procesos xudiciais mentres os presuntos corruptos son defendidos case sempre con cartos públicos.

Precisamos, pois, recoñecerlles a súa valía, pero, sobre todo unha normativa que os protexa e ampare para que as persoas coñecedoras de casos de corrupción denuncien os mesmos con garantías sabendo que non van sacrificar as súas vidas por ser honrados e defender o público.

O período de sesións anterior tentouse artellar un conxunto de normas para rexenerar as institucións e poñer remedio á que, segundo o CIS é o segundo problema que máis preocupa aos cidadáns logo do paro: a corrupción.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41324
Data envío: 15/09/2015 14:48:24.746

Porén, cremos que nin foron de abondo, nin responden ás expectativas dos cidadáns e cidadás e así o testemuña a solicitude cidadá creada na plataforma change.org que xa conta coa sinatura de milleiros de persoas.

O artigo 33 da Convención de Nacións Unidas contra a corrupción, que España ratificou en 2003, recomenda desenvolver a protección a testemuñas de corrupción mediante unha norma de carácter nacional. Doce anos despois ningún goberno do país fixo nada ao respecto.

Polo dito, formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a protexer ás persoas que traballan na administración pública galega e que denuncian a corrupción política tomando as seguintes medidas:

1. Adoptar as medidas necesaria para a protección da súa intimidade, especialmente, as comunicacións persoais (por e-mail, móbil), e investigar de oficio calquera inxerencia.
2. Garantirlles defensa xurídica gratuíta ás persoas denunciantes e as testemuñas nos procesos que poidan ser derivados da súa condición de denunciante ou testemuña: denuncias por acoso, ameazas, inxurias, calumnias, etc.
3. Garantirlles estabilidade laboral considerando nulo o despido dunha denunciante ou testemuña de corrupción política perante o tempo que dure o proceso xudicial no que se vexa inmerso e, se se demostra que o denunciante tiña razón, que estea protexido o tempo que sexa preciso.
4. Nos protocolos de acoso laboral recoller unha sección específica que contemple a protexa especialmente aos denunciantes e testemuñas de corrupción con medidas preferentes que se consideren necesarias como por exemplo na movilidade ou a protección da súa intimidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 16:30
Nº Rexistro: 41324
Data envío: 15/09/2015 14:48:24.746

Pazo do Parlamento a martes, 15 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 15/09/2015 14:47:39***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 16:43
Nº Rexistro: 41330
Data envío: 15/09/2015 16:43:35.233

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

En xaneiro do ano 2011 a Conselleira de Traballo e Benestar e o Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar presentaron con gran balbordo o proxecto de construción dun Centro de Día no concello da Pobra do Caramiñal. Un Centro que se ía edificar na Rúa Venecia,cun orzamento de 800.000,00€. En abril do mesmo ano, o DOG publicou o concurso para a construción do Centro, marcando un prazo de 12 meses.

Non foi aquel un concurso con final feliz, pois en xaneiro de 2013 houbo de se resolver o contrato coa construtora, que entrou en concurso de acredores.

En abril dese ano, 2013, o DOG publicou un novo concurso para rematar a obra interrompida, asignando un orzamento de 285.780,95€ e un prazo máximo de execución de catro meses.

En decembro do ano 2014 o DOG publicitaba a contratación da subministración para o equipamento e amoblamento do Centro por máis de 95.000€.

En febreiro de 2015 o DOG publicou a licitación da xestión do servizo público asistencial de atención diúrna e outros servizos de prevención de situacións da dependencia e promoción da autonomía persoal en varios Centros de día, entre eles o que motiva esta pregunta.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, en marzo deste ano 2015, en plena tempada pre electoral deuse por inaugurado o Centro. É o caso que seis meses despois da súa "inauguración" o Centro de Día da Pobra do Caramiñal segue pechado a cal e canto.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei,

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a poñer en funcionamento, no prazo máximo dun mes, o Centro de día construído na Pobra do Caramiñal."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG
María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/09/2015 16:34:20**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/09/2015 16:34:32**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 17:58
Nº Rexistro: 41337
Data envío: 15/09/2015 17:58:05.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galiza a reclamar o cambio do actual modelo de reparto no cerco

A principios de xullo contemplabamos como pechaba a pesqueira do xurelo, unha especie estratéxica para a flota galega do cerco, que volvía a reabrirse a partir do 16 xullo en base a dispor dunha parte da cota que lle corresponde do ano 2016.

Nestes momentos e a pesares de que se estableceu unha cota de 1.000 quilos/diarios por barco, volveuse a pechar esta pesqueira aducindo que xa se leva consumindo máis do 130% da cota asignada a xestión conxunta da flota de cerco galego.

Tamén contrasta o reparto de cotas entre as diferentes zonas pois mentres se pecha a VIIIc, na do Atlántico, zona Ixa, o seu consumo está no 62%, algo desproporcionado cando compartimos as mesmas augas, o mesmo banco e onde vemos como para que a flota do Cantábrico poida continuar coa súa actividade vese obrigado a ter que desprazarse a augas do Atlántico.

Esta situación sumase a situación que están a padecer polo peche do bocarte, pola negación do dereito a poder pescala na zona atlántica ou pola dramática situación que está a pasar a pesqueira da sardiña.

E en todo este estado de situacións complexas encontrámonos con reiteración como barcos de outras comunidades, vascos na pesqueira da xarda e agora cántabros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 17:58
Nº Rexistro: 41337
Data envío: 15/09/2015 17:58:05.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veñen as nosas augas, descargan nos nosos portos nada máis e nada menos que neste último caso 40.000 quilos de xurelo mentres a nosa flota ten restrinxido as posibilidades de capturas aos 1.000 quilos/diarios/barco.

E mentres o sector reclama o cambio de modelo, medidas para enfrontar a complexidade desta situación e o afogamento da súa actividade o Goberno galego ausente, sen voz, sen capacidade de interlocución, sen criterio nin medidas que por enriba da mesa para que o sector defenda o dereito a poder pescar, garanta a súa actividade, a viabilidade do sector e o mantemento dos postos de traballo.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para a o seu tratamento en comisión:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar o cambio do actual modelo de reparto no cerco."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 17:58
Nº Rexistro: 41337
Data envio: 15/09/2015 17:58:05.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Rodas Chapela na data 15/09/2015 17:41:44**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/09/2015 17:41:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 18:28
Nº Rexistro: 41346
Data envío: 15/09/2015 18:28:57.021

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á dotación dos medios e recursos precisos para un ensino de calidade no CEIP Mesón do Vento.

O inicio do curso do CEIP Mesón do Vento (Ordes) iniciouse con protestas da comunidade escolar pola falta de profesorado. De feito o primeiro día de clase houbo unha concentración á porta do centro e as nais e pais protestaban non enviando ao alumnado.

A Consellaría de Educación decidiu non cubrir unha praza deste centro que se xubilaba o curso pasado. Esta decisión provoca que se teña que agrupar as clases de quinto e sexto de Primaria que en total contan con 18 alumnos e alumnas.

É evidente que a orixe deste agrupamento non está guiado por un criterio educativo, senón por unha política de recortes no ámbito público, que ademais se ceba coas zonas rurais e que discrimina a poboación que vive neste ámbito. Cómpre dicir que non é un problema de recursos. De feito comprobamos como mentres se recorta na educación pública se drenan recursos a privada. Así neste inicio de curso hai 13 escolas e 48 unidades menos en educación infantil e educación primaria na pública, mentres que o ensino privado concertado tivo un incremento neto de 5 unidades máis en primaria e 21 na formación profesional. Unha política que levou a que nos últimos catro anos a Xunta destinara 1000 millóns de euros dos orzamentos da Xunta á privada, mentres que no ensino público os orzamentos desde 2009 restáronlle 680 millóns.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 18:28
Nº Rexistro: 41346
Data envio: 15/09/2015 18:28:57.021

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Grupo Parlamentar do BNG a educación é unha inversión relevante para o conxunto da nosa sociedade, unha inversión clave para ter un pobo máis culto e formado. Un valor de presente e futuro que é necesario salvagardar. Neste caso estamos falando ademais dun/ha docente que forma parte do catálogo de postos de traballo deste centro. Apoiamos as demandas que tanto comunidade educativa, como concello, teñen realizado de xeito unánime e solicitamos a Xunta que dote a este centro dun/ha mestre de educación primaria que falta por incorporar.

Polo dito o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que respecte o catálogo de postos de traballo correspondentes ao CEIP de Mesón, aprobado por Orde do 30 de xullo de 2013 (DOG nº 151, do 8 de agosto de 2013), nomeando con carácter urxente o/a mestre de educación primaria que falta por incorporar."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG
Cosme Pombo Rodríguez
Deputado do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2015 18:28
Nº Rexistro: 41346
Data envio: 15/09/2015 18:28:57.021

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/09/2015 18:28:18**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 15/09/2015 18:28:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 09:30
Nº Rexistro: 41349
34:06.300

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández,** ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión,** en relación co computo de alumnado que repite curso nos centros de ensino público de Galicia para o establecemento das rateos nos centros de ensino público de Galicia.

Durante o desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe e a través da información recollida mediante a avaliación continua, faise un seguimento da evolución do alumnado, do seu progreso académico e persoal e tamén do cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe previstos para cada curso e nivel educativo.

Este seguimento continuo que realiza o profesorado mediante o emprego de diversas ferramentas de avaliación que van dende a observación diaria, a aplicación de probas, a entrevista coas familias etc...posibilita o deseño e concreción dos mecanismos de apoio e atención á diversidade necesarios e das modificacións curriculares precisas para garantir o mellor progreso educativo posible para cada alumno e alumna. Desenvólvense deste xeito os coñecidos programas de apoio e reforzo educativo, as medidas de atención a diversidade e se toman as correspondentes decisións sobre a promoción do alumnado.

A repetición de curso, é outra das medidas de reforzo, de carácter extraordinario, concibida como unha forma de garantir a axeitada consecución dos obxectivos definidos para un determinado curso ou nivel educativo. Unha medida polo tanto excepcional que debe ir acompañada de outras medidas de carácter educativo que teñan en conta non só aspectos académicos, senón tamén afectivos, sociais, psicolóxicos etc...

Existe un fondo debate na comunidade educativa e na ciencia pedagóxica, sobre a efectividade da repetición de curso na mellora do rendemento académico, e son numerosos os casos de alumnado repetidor que non mellora o seu progreso académico nin persoal, mais non é o obxecto desta iniciativa afondar na conveniencia desta medida, senón resolver unha incidencia que provoca serios desaxustes no funcionamento e na calidade do Sistema Educativo galego.

A ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da LOMCE, establece que a *"A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do/da alumno/a".*

A propia LOMCE establece no seu apartado 12 , que se prescribirá un plan específico de reforzo ou recuperación para aquel alumnado que teña que repetir un curso, entendendo claramente que a repetición por si soa, non garante un mellor aproveitamento académico dos escolares. Resulta pois evidente que dende a óptica da propia normativa, un neno ou unha nena que repite curso, precisa dun seguimento e dunha intervención educativa axeitada para garantir que esta medida incorpore mais beneficios que inconvenientes.

Mais ignorando estas evidencias, o Goberno Galego impulsa e permite unha medida tan inxusta e prexudicial como antipedagóxica e marxinadora, baseada e non computar ó alumnado repetidor a hora de establecer as rateos máximos por aula non centros de ensino.

As equipas directivas e as familias galegas, denuncia acotío as instrucións e ordes emitidas pola Consellería de Educación obrigando a non computar a todos aqueles alumnos e alumnas que repiten cursos académico cando se configuran as listaxes de alumnos asignados a cada aula. De feito, a ORDEN de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento dos centros de educación infantil, dos centros de educación primaria e dos centros de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 09:30
Nº Rexistro: 41349
Data envío: 15/09/2015 18:34:06.300

no punto 12, que o número máximo de alumnos por aula será de trinta, sen prexuízo de que este número poda ser maior como consecuencia da repetición de curso.

Deste xeito o Goberno galego, non so deixa de incorporar novos medios e recursos materiais e humanos para o establecemento de medidas de apoio para o alumnado repetidor, senón que chega ao extremo de facelos desaparecer do computo de alumnos e alumnas por aula, incrementando as rateos e dificultando en consecuencia a posibilidade de darlles unha atención axeitada.

A porcentaxe de alumnado repetidor sitúase en Galicia segundo os datos oficiais aportados polo MEC nun 4,3% en Educación Primaria e nun 12,5% en Educación Secundaria, polo que son milleiros os alumnos e alumnas que non contan para o Goberno Galego e que polo tanto non existen á hora de establecer programas ou dotar de medios e recursos educativos aos centro de ensino. Este feito provoca ademais que se impidan desdobres ou se realicen agrupamentos que superan amplamente as rateos necesarias para levar adiante un ensino de calidade.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a establecer as medidas necesarias e os cambios normativos precisos para permitir que o alumnado que teña repetido curso compute a tódolos efectos especialmente á hora de establecer as rateos máximas por aula e dotar dos recursos materiais e medios humanos necesarios para atender a diversidade de intereses, ritmos, motivacións e capacidades presentes nas aulas galegas.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 09:30
Nº Rexistro: 41349
Data envío: 15/09/2015 18:34:06.300

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/09/2015 18:32:57**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/09/2015 18:33:08**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/09/2015 18:33:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 10:16
Nº Rexistro: 41354
Data envío: 16/09/2015 10:16:18.983

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a preservación e conservación da obra de Urbano Lugrís.

Urbano Lugrís foi un pintor case autodidacta, poeta, ilustrador e muralista. A súa obra pictórica reflicte un mundo onírico e idealizado onde os temas relativos ao mar teñen un claro protagonista. As pegadas da súa obra están presentes en todo o litoral galego, desde Ferrol até Baiona. Porén será na cidade da Coruña, onde naceu, así como en Vigo –onde morreu case na indixencia en 1973- onde exista unha presenza importante da súa obra.

Trátase dun pintor galego relevante do século XX, mais moitas das súas obras non están nin protexidas, nin nunhas condicións que permitan ser visitadas con normalidade. Un caso paradigmático é o seu coñecido mural que se atopa nun baixo da rúa Real da Coruña. Este baixo, que até xullo albergaba a  cafetería denominada Vecchio. O BNG xa denunciaba no seu momento que este mural tiña un "futuro incerto" por tratarse dun ben que non está catalogado nin protexido. O local no que se sitúa este mural é propiedade do Banco Etxcheverría que ten nas súas mans o destino e futuro desta obra do pintor galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 10:16
Nº Rexistro: 41354
Data envío: 16/09/2015 10:16:18.983

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG súmase ás voces que reclaman unha protección para este ben, que non é o único que Lugrís pintou na Coruña e noutros puntos da xeografía galega. Lembramos qu, este tema foi abordado na cámara galega durante a pasada lexislatura chegando a un acordo unánime o pasado 16 de outubro de 2009. O Parlamento reclamou -a aquela altura- que a Xunta inventariara as pinturas de Urbano Lugrís, facendo especial fincapé na obra dispersa en edificios públicos e privados; que se levara a cabo un estudo do estado da obra no café Vecchio, no antigo restaurante Fornos na Coruña, na Casa do Mar de Malpica e na Escola Igrexa de Vilaboa, procedendo á limpeza e á restauración que precisen estas obras.

Resulta obvio o incumprimento deste acordo e o desleixo da Xunta ante a situación do noso patrimonio cultural. Causa alarma que se informe de que existe un informe favorábel a declaración deste mural como BIC, paralizado pola Xunta de Galiza. Unha vergoña que pon de manifesto a falta de sensibilidade coa cultura que practica a Xunta de Galiza. Urxe modificar esta inercia e que a Xunta de Galiza actúe coa finalidade de garantir que a obra de Urbano Lugrís perdure, se conserve en condicións dignas e sexa coñecida e divulgada a súa obra.

Polo dito o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1.- Incoar de inmediato expediente para que o mural de urbano lugrís situado nun baixo comercial da rúa Real da Coruña sexa declarado BIC.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 10:16
Nº Rexistro: 41354
Data envío: 16/09/2015 10:16:18.983

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Catalogar todas as pinturas que ten Urbano Lugrís, atendendo específica e urxentemente, ás obras que se atopan dispersas en edificios públicos e privados.

3.- Levar adiante as actuacións que se sexan necesarias para garantir a conservación e restauración da obra de Urbano Lugrís."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/09/2015 10:14:37**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/09/2015 10:14:44**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 12:22
Nº Rexistro: 41372
Data envío: 16/09/2015 12:22:41.794

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición Non De Lei** para o seu tratamento en **Comisión**:

Nos debates do Cúmio de Davos alertouse sobre a chamada "superación dos límites planetarios" concluíndo que os custes da inacción ante os desafíos ambientais e do cambio climático son máis elevados que os custos de previr os mesmos. Como resultado, algunhas empresas e países así o asumiron, apostando por un enfoque máis intelixente entre economía e ecoloxía.

Porén, España vai contra corrente das conclusión de Davos e, dende o inicio da actual lexislatura, acorde cun enfoque economicista e cortopracista, modificáronse, con urxencia e sen consenso, numerosas leis de contido ambiental: a de costas, a de augas, a de avaliación ambiental, a de responsabilidade ambiental, a de parques nacionais...

A última foi a reforma da Lei de montes que seguiu afondando na desregulación ambiental insistindo nesta visión economicista apostando, novamente, polos intereses privados fronte aos públicos dando vía libre ás comunidades autónomas para permitir a construción en zonas forestais incendiadas, permitindo a desregulación dos aproveitamentos forestais, eliminando a necesidade de planificar os aproveitamentos sostibles nos montes privados e públicos non catalogados, reducindo o control sobre a xestión, ou quitando competencias aos axentes forestais e ambientais cando a escaseza de vixilancia e control dos montes é outra das eivas que arrastra a loita contra o lume e a protección dos espazos forestais..

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2015 12:22
Nº Rexistro: 41372
Data envío: 16/09/2015 12:22:41.794

Aos problemas estruturais que ven sufrindo Galiza soportando vagas de incendios cada verán, sobre todo se a climatoloxía é propicia, súmase, agora, a política aplicada dende o goberno estatal.

A nova lei inclúe unha excepción á prohibición xeral de cambio de uso durante 30 anos dos solos forestais obxecto de incendio que poderán acordar o cambio de uso cando se dean razóns "imperiosas de interese público de primeira orde". Tal redacción, aberta a interpretación, xera inseguridade xurídica, e posibilita a recualificación do monte para desenvolvementos urbanísticos en terreos incendiados como xa ocorreu noutras autonomías que aduciron tal interese como por exemplo o Parque Temático Terra Mítica (Alacante), urbanización das ladeiras do monte Abantos (Serra de Guadarrama), estacións de esquí, etc.. Pero a razón imperiosa de interese público debe ser declarada polas Comunidades Autónomas.

Por estas razóns, ante o escenario que se albisca, o deterioro ambiental, e os grandes recursos que consume a loita contra o lume, crese necesario presentar a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir o cambio de uso forestal dun monte queimado nos 30 anos posteriores ao lume, non podendo ser aducida causa algunha para a súa recualificación."

Pazo do Parlamento a mércores, 16 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 16/09/2015 12:20:25***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41421
Data envío: 17/09/2015 10:54:27.980

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza retome o proxecto para construír vivenda protexida no entorno do casco histórico de Santiago de Compostela.

O BNG ven defendo a necesidade de que na cidade de Santiago de Compostela se aposte firmemente por unha política pública de vivenda que responda as necesidades que hai detectadas. Nese sentido fomos moi críticos coa decisión da Xunta de renunciar a construír vivenda protexida no entorno da zona antiga. En concreto referímonos á parcela onde conflúen  a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba, unha parcela en propiedade de 1.603 metros cadrados valorada en 2,9 millóns de euros. Nesta parcela existía un proxecto para facer vivenda en aluguer, mais o PP paralizou este proxecto e pretendía permuta desa parcela por outras parcelas (de valor moito inferior) que o IGVS ten no SUNP-12 de Lamas de Abade. A empresa adxudicataria de dito concurso deberá construír dous bloques (un de 12 e outro de 24 vivendas) de promoción pública nun prazo máximo de 30 meses e a cambio obterá  a titularidade da parcela de Xoán XXIII e a posibilidade de edificar vivenda libre nela.

Finalmente, a decisión non vai ir adiante a causa dun acordo no concello que desbota esta posibilidade. Desde o BNG acollemos con satisfacción que unha medida que defendemos se materialice. Desde o BNG avogamos por recuperar o proxecto que pretendía construír 40 vivendas (31 estudos e nove apartamentos de dúas habitacións) pensadas para mozos e mozas de menos de 35 anos e en réxime de alugueiro por un

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41421
Data envío: 17/09/2015 10:54:27.980

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo máximo de dez anos e sen dereito a compra. Esta medida será positiva para promover o acceso á vivenda, evitar a especulación, sobre todo, introducir vivenda protexida na malla urbana como elemento de cohesión social e de valorización da propia figura de vivenda protexida que, na maioría das ocasións, queda relegada á periferia das cidades.

Por isto formúlase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a destinar a parcela que posúe o IGVS no espazo de confluencia entre a rúa Xoán XXIII e a Costa Nova de Arriba en Santiago de Compostela a construír vivenda protexida, impulsando o proxecto iniciado para construír 40 vivendas que serán ofertadas en réxime de alugueiro a menores de 35 anos."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG
Cosme Pombo Rodríguez
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 10:54
Nº Rexistro: 41421
Data envio: 17/09/2015 10:54:27.980

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/09/2015 10:40:57**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/09/2015 10:41:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:08
Nº Rexistro: 41429
Data envío: 17/09/2015 12:08:20.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galiza a reclamar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a renovación do Acordo Pesqueiro con Portugal para que as flotas lusa e galega de arrastre faenen en condicións de igualdade.

Fai case dous anos asinábase en Bruxelas un acordo pesqueiro entre o Estado español e Portugal, que entre outros recollía unha demanda histórica do sector do arrastre litoral de que a flota portuguesa faene nas mesmas condicións que a galega, isto é que respecten o descanso semanal.

Esta medida que foi referendada e aplaudida polo sector e polo PP, cal non sería a súa sorpresa que poucos meses despois podían comprobar como os barcos lusos volvían outra vez a faenar os fins de semana, e despois de interesarse polo asunto comprobaron que o Ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete e a súa homóloga portuguesa, Asunçao Cristas, asinaran o 24 de marzo daquel ano a modificación deste Acordo pesqueiro polo cal a flota portuguesa volvía poder faenar as fins de semana.

Esta traizón ao sector, fixo que o BNG presentara unha Proposición non de lei para restituír o pactado. Iniciativa que foi rexeitado por parte do Grupo Popular e que obrigou a que o propio sector mantivera unha reunión con todos os grupos parlamentarios e que lograra o apoio unánime, tamén do PP, para que presentaramos unha Proposición non de lei solicitando que no Acordo se recollera o pactado, sendo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2015 12:08
Nº Rexistro: 41429
Data envío: 17/09/2015 12:08:20.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobada por unanimidade polo Pleno do Parlamento galego do 15 de xullo de 2014 co seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente co obxecto de reclamar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a renovación do Acordo Pesqueiro con Portugal de xeito que as flotas lusa e galega de arrastre faenen en condicións de igualdade:

1º.- Se demande a reafirmación na consecuencia dun marco igualitario para a flota de arrastre de fondo do Cantábrico-noroeste en relación cos buques de arrastre de bandeira portuguesa que pescan nas augas xurisdicionais españolas da zona VIIIc e IXa, mediante a prohibición da actividade pesqueira dos citados buques a fin de semana.

2º.- Se implemente a dita medida coa translación ao Convenio bilateral España-Portugal do acordo conseguido pola Comisión Sectorial do Consello Galego de Pesca e que se postula na inclusión da prohibición da pesca con artes de arrastre os fins de semana para os buques de arrastre que pescan virtualmente en virtude deste convenio en augas xurisdicionais españolas."

